



15/02/2016 (Mancomunidad)

A Mancomunidad de Ordes promove e difunde a obra de Rosalía de Castro no 179 aniversario do seu nacemento

Farao a través dun concurso en Facebook e dunha charla na que se mostrará a súa parte máis reivindicativa e adiantada en materia de igualdade. Tamén apoiará á AELG na súa solicitude de proclamar o Día de Rosalía

15 febreiro 2016. A Mancomunidad de Municipios da Comarca de Ordes, a través do Servizo de Normalización Lingüística (SNL), do CIM e do departamento de prensa pon en marcha o concurso literario ‘Rosalía verso a verso’. Unha convocatoria dirixida a toda a poboación da comarca que queira dar a coñecer publicamente os seus versos favoritos da que é a poeta galega máis importante de todos os tempos. Para participar é necesario facelo a través do evento ‘Concurso Rosalía verso a verso’, creado na páxina do CIM de Ordes. Alí escribirase un post cos fragmentos ou poemas escollidos por cada participante. Se o prefiren poderán recitalos e colgalos en formato vídeo ou audio. O prazo para poder participar manterase aberto ata o vindeiro luns, 22 de febreiro. O post que máis ‘gústames’ reciba (só se contabilizarán os outorgados dende a propia páxina do CIM) será o gañador e obterá como premio libros e material audiovisual da obra rosaliana.

Por outra banda o mesmo mércores, 24 de febreiro a Mancomunidad de Ordes ten prevista unha charla e mesa de traballo na que se afondará na importancia de Rosalía de Castro como promotora da igualdade de dereitos entre homes e mulleres. Falarase do feminismo como unha das temáticas máis importantes de toda a súa bibliografía, e do interese que suscita o seu tratamento na bibliografía dunha autora adiantada ao seu tempo. A cita terá lugar na aula de formación situada na rúa Xoxardo a partir das 10.30 horas. Para acudir é necesaria unha inscrición previa que se pode realizar tanto nas oficinas da Mancomunidad como telefonicamente a través do Servizo de Normalización Lingüística no 981680002. Ao seu remate farase entrega do premio ao/á gañador/a do concurso.

Día conmemorativo

Con estas iniciativas a Mancomunidad quere apoiar a moción formulada pola Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG), na que se solicitan “accións de promoción e difusión da obra da nosa escritora máis ilustre e representativa”, ademais de “proclamar o 24 de febreiro como o Día de Rosalía por parte das corporacións municipais en sesión plenaria”. Un día no que se conmemora o 179 aniversario do seu nacemento.